

**APARCAMENTOS DISUASORIOS PARA O
FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADO Á
IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS NAS
CIUDADES GALEGAS. PO-546**

CLAVE: PO/22/143.06

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do presente proxecto é definir e xustificar as obras que será necesario realizar para a execución do aparcamento disuasorio asociado á PO-546, Pontevedra-Marín, situado entre os puntos quilométricos (pp.qq) 2+750 e 2+950 da mesma estrada.

2. Plan de Estradas

A estrada autonómica PO-546 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

O aparcamento obxecto do proxecto se sitúa aproximadamente entre os pp.qq 2+750 e 2+950 da estrada PO-546, no tramo entre a estrada de acceso ao Pazo de Lourizán e a intersección do vial de conexión da PO-546 co núcleo do Rozo. Esta localización considerouse idónea ao atoparse nunha vía principal de comunicación entre Pontevedra e o resto da Comarca do Morrazo, facendo as funcións de aparcamento disuasorio tanto de carpool como vinculado ao transporte público. Ademais, existen 4 paradas de autobús na entorna dos 300 m, que comunican Pontevedra cidade coa Comarca do Morrazo, convertendo o emprazamento nun lugar de intercambio modal.

No deseño do aparcamento definiuse a propia explanada do mesmo, o su deseño interior e os seus puntos de conexión coa estrada PO-546. Este deseño coordinouse coa redacción do proxecto de urbanización e senda mixta ciclable entre Pontevedra e Marín (clave PO/22/077.06) de forma que a senda e o aparcamento conflúan nunha actuación coordinada.

A actuación complementase coa dotación de alumeadado público, videovixilancia, instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos e a incorporación de vexetación na entorna.

4. Características técnicas

O aparcamento ten un deseño lineal de única dirección e sentido, paralelo ao vial adxacente, dispoñendo de xiros unicamente nos puntos de conexión coa estrada PO-546. A entrada ao aparcamento realízase cunha cuña de acceso seguida dunha curva a esquerdas con radios de 15 e 12 m. Posteriormente a este xiro, o vial distribúe as prazas de aparcamento en batería a 60° en ambas marxes sobre unha curva de 200 m e unha clotoide de parámetro 110 que finaliza nunha aliñación recta na parte final do aparcamento. A partir de aquí accédese á cuña de saída do aparcamento, conformada por unha primeira curva a esquerda seguida por unha cuña que conecta coa estrada PO-546.

Outras características:

- Superficie de coroa da explanada no aparcamento: 2.465 m²
- Núm. total de prazas de aparcamento: 71 prazas
- Núm. de prazas para recarga de vehículos eléctricos: 3 prazas
- Núm. de prazas para persoas con mobilidade reducida (PMR): 2 prazas
- Seccións tipo:
 - Calzada aparcamento: 4,00 m
 - Bandas de aparcamento: 2x4,80 m
 - Berma exterior ao aparcamento: 0,50 m
- Firmes e pavimentos:
 - Pavimentación viais do aparcamento: 20 cm de formigón HF-4,0 con xuntas sen pasadores, con acabado fratasado, con malla electrosoldada de aceiro B500T e diámetro 8 mm e espaciamento de 15x15 cm.
 - Pavimentación das prazas de aparcamento: 20 cm de formigón HF-4,0 con xuntas sen pasadores, con acabado desactivado, malla electrosoldada de aceiro B500T diámetro 8 mm e espaciamento de 15x15 cm.
 - Pavimentación beirarrúas e espazos peonís: 16 cm de formigón HF-3,5 coloreado de cor terrizo con bordo A1.
 - Pavimentación das cuñas de acceso ao aparcamento: 20 cm de formigón HF-4,0 con xuntas sen pasadores, con acabado fratasado, malla electrosoldada de aceiro B500T diámetro 8 mm e espaciamento de 15x15 cm.

5. Poboación Servida

Pontevedra: 83.114 hab.

TOTAL: 83.114 hab

6. Concellos Afectados

Pontevedra

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 3 en pleno dominio. A superficie de expropiación definitiva é de 1.704,94 m²

Expropiacións: 59.672,90 €

Bens afectados: 1.791,00 €

Premio afección 5%: 3.073,20 €

Total expropiacións e indemnizacións: 64.537,10 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación: 327.690,19 €

Expropiacións e indemnizacións: 64.537,10 €

Reposición de servizos: 95.779,23 €

Seguimento e control ambiental: 5.700,00 €

Orzamento para coñecemento da administración: 493.706,52 €

10. Orzamentos por concello e estrada

Concello	Estrada	Orzamento %
Pontevedra	PO-546	100

